

1. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os CA son mínimos exixibles.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Para aprobar o módulo de RET, é necesario obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos en cada avaliación. A nota de cada avaliación será numérica sen decimais, polo que a nota redondearase ao enteiro máis próximo por defecto ou por exceso. Empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- **PROBAS OBXECTIVAS:** realizarase unha proba obxectiva por trimestre valorándose de 0 a 10 puntos cada proba cun peso do 70%. Exixirase unha calificación de como mínimo 5 puntos sobre 10 en cada unha das probas obxectivas que se realicen durante a avaliación para poder facer media. Se a calificación dalgunha proba obxectiva resulta inferior a 5 puntos ou non se realiza algunha delas, a avaliación estará suspensa, con independencia das notas obtidas con noutros apartados.
- **TAREFAS E PRÁCTICA:** poderán desenvolverse os traballos, tarefas e supostos prácticos en grupo ou individuais que arroxen calificación: no caso de existires terán un peso na nota final de cada avaliación dun 30%. Serán calificados de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar a nota de 5 sobre 10 para o seu aprobado. Se a nota resultante nun traballo, tarefa ou suposto práctico é inferior a 5 ou non se realiza ou entrega en prazo, a avaliación estará suspensa con independencia das notas obtidas nas probas obxectivas. Unha vez realizada a media aritmética das notas de tódolos traballos individuais/tarefas/supostos prácticos presentados nunha avaliación ponderarase a mesma conforme aos criterios establecidos anteriormente.

A nota final acadada para o módulo de RET, despois de facer as ponderacións correspondentes, calcularase como a media das dúas primeiras avaliacións

2. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

2.1 Procedemento para definir as actividades de recuperación

É obrigatorio ter superadas, cunha nota mínima de 5, todas as avaliacións do módulo de RET para superar a materia.

Realizarase unha proba de recuperación por trimestre, así como a entrega de tarefas calificables que non houberan acadado a calificación positiva.

No caso de que o alumnado non acade os resultados de aprendizaxe na empresa, terá acceso a unha proba de avaliación extraordinaria sobre estes contidos, ou ben a actividades de recuperación que permitan acadalos.

2.2 Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda dereito avaliación continua

No alumnado da modalidade de DUAL, non existe a perda de avaliación continua, porén tal e como se establece na RESOLUCIÓN del 10 de Julio 2024, pola que se dictan as instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25, o alumnado pode ser excluído do proxecto de formación de dual nos seguintes casos:

i) Durante o **período de formación no centro educativo**, dacordo coas normas de organización, funcionamento e convivencia aprobadas polo centro docente, por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade **non xustificadas** que **poidan derivar nunha falta de aproveitamento** das ensinanzas tanto no centro educativo como, posteriormente, na empresa. Se aplicarán os criterios dos apartados **3.2 y 7.3 das NOFC***.

ii) Durante o período de formación na empresa:

- Por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.
- Por actitude incorrecta, atendendo ó código disciplinario da empresa, ou por falta de aproveitamento.
- Para o alumnado con contrato para a formación en alternancia, pola extinción do contrato por calquera das causas que establece no artigo 49 do Estatuto dos traballadores, aprobado polo RD 2/2015, do 23 de outubro.
- Outras circunstancias que figuren no convenio suscrito entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e la entidad colaboradora correspondiente

Cráterios dos apartados 3.2 y 7.3 das NOF*:

- O número de faltas que implica a perda da avaliación continua é un 10% de faltas inxustificadas respecto da súa duración total, o cal equivale en RET no tempo no centro docente equivale a 4 sesións de 45 minutos.
- Son faltas inxustificadas aquelas que non se atopen no seguinte listado ou cando non se aportara o documento xustificativo pertinente:

1. Citas médicas do sistema nacional de saúde que sexa imposíbel axustar ao horario escolar, dando dereito ó tempo necesario para a asistencia a dita cita e ó tempo de desprazamento necesario. As citas médicas de carácter privado non están suxeitas a xustificación algunha, xa que se entende como un deber do alumnado ou das súas familias (nais, pais, titores/as legais) adaptalas ó horario escolar.

2. Citas para probas prenatais, preparación ó parto e tratamento de fecundación asistida.

3. Tratamento médico de cancro ou enfermidade grave.

4. Hospitalización, accidente ou enfermidade grave, e intervención sen hospitalización que requira ingreso.

5. Circunstancias derivadas dunha situación de violencia de xénero.

6. Deberes inescusables (citacións xudiciais, tramitación de documentos oficiais -DNI, Permiso Residencia, Pasaporte-, renovación de tarxetas de desemprego, etc).

7. Falecemento ou hospitalización de familiares hasta 2º grao ata un máximo de 3 días.

8. Concorrenza a exames oficiais e probas selectivas no ámbito do emprego público (Oposicións).

9. Asistencia a cursos, congresos e feiras relacionados cos módulos da familia profesional.

10. Contratación Laboral (firma de contrato e xestións inaprazables).

As faltas xustificadas, cando sobrepasen o número de 4 sesións, pasarán a ser consideradas faltas non xustificadas e computarán para a perda de avaliación continua.

As faltas xustificadas por motivo de tratamento médico de cancro ou enfermidade grave, por hospitalización, accidente ou enfermidade grave, e intervención sen hospitalización que requira ingreso e/ou por circunstancias derivadas dunha situación de violencia de xénero non se terán en conta para o cálculo deste límite de faltas xustificadas.

O alumno con perda de avaliación continua, así como o alumnado que teña as tres avaliacións suspensas realizará a proba final extraordinaria, unha proba escrita obxectiva que reúne os contidos de todo o módulo e que supón a nota final do módulo.